



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

24 DE XULLO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 09.08 horas do día 24 de xullo de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia

Dona Sonia Cervantes Rivas

Dona Nicole Grueira Fernández

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asiste sen excusa:

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.-Aprobación da urxencia da sesión.

Aberto o acto o Sr. Alcalde e en cumprimento do disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, manifesta que o primeiro punto a tratar é o pronunciamento sobre a urxencia da sesión. Este, dá conta de que a urxencia veu motivada pola necesidade da modificación do apartado cuarto do acordo plenario de data 20 de xullo de 2024.

Á vista do cal a Corporación, con 6 votos a favor (PSOE) e dous votos en contra (BNG e PP), acorda aprobar a urxencia da sesión e continuar coa súa celebración.





2.- Exp. 335/2024 Modificación do apartado cuarto do acordo plenario de data 20 de xullo de 2024.

Polo señor Alcalde- Presidente dase conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Informe de Secretaría sobre a creación dunha fundación
- Estatutos da Fundación “Terras de Pol”
- Certificación do acordo plenario de data 20 de xuño de 2024

Realizada a tramitación legalmente establecida, proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Modificar o apartado CUARTO do acordo plenario de data 20 de xullo de 2024 no senso de concretar a dotación inicial acordada de 50.000,00 euros, que o Concello de Pol fai á fundación “Terras de Pol”.

Así, a dotación inicial, non será en sí un traspaso en efectivo de 50.000,00 euros á fundación, senón que consistirá na **cesión de uso por tempo indefinido ata a disolución da fundación**, do inmovible sito en Rúa Rosalía de Castro, nº3 de Mosteiro (Pol), con referencia catastral 4167304PH3746N0001HD, adquirido polo Concello de Pol mediante escritura pública de data 4 de xullo de 2024 otorgada pola notaria Dona Montserrat Trigo Mayor, por un importe de 75.000,00 euros e con un informe de tasación do mesmo elaborado polo Graduado en Arquitectura Técnica D. Jesús Manuel Hermida Veiga, por valor de 192.224,01 euros.

SEGUNDO.- Dar conta do presente Acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

TERCEIRO.- Elevar a escritura pública a constitución da Fundación, que deberá incluír o contido que indica o artigo 10 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións e o acordado segundo esta proposta relativo á dotación inicial da fundación, así como a denominación da mesma e a aceptación dos cargos por parte dos patronos.

CUARTO.- Dar traslado da Constitución da Fundación ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego para que, de conformidade co establecido no artigo 52 e seguintes da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Fundacións de Interese Galego, e o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, inscríbese a Fundación no devandito rexistro.”

Ponse o asunto a votación e, por seis votos a favor (PSOE), unha abstención (PP) e un voto en contra (BNG), acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as nove e quince minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

